



DEREITOS LABORAIS, DE
SEGURIDADE SOCIAL E
AXUDAS para fomentar o
emprego das vítimas
de violencia de xénero



A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES
é un problema social cuxa erradicación precisa de profundos cambios nas formas de socialización das persoas, con actuacións integrais no eido educativo, social, sanitario, xurídico, policial e laboral,
E ESIXE O COMPROMISO E A ACTUACIÓN DE TODA A SOCIEDADE.





A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, conságralles e garántelles ás mulleres que son ou foron vítimas de violencia de xénero unha serie de dereitos laborais e de seguridade social, coa finalidade de que poidan conciliar as súas obrigas laborais coas súas necesidades de protección e recuperación integral.

Ademais, o Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, que inclúe medidas activas de emprego, coa finalidade de que as vítimas teñan maiores facilidades para acceder ao emprego, incrementar a súa autonomía persoal e dispoñibilidade de recursos e interromper procesos de violencia xa iniciados.

ACREDITACIÓN DA SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Para accederen a estes dereitos, as traballadoras deben acreditar a situación de violencia de xénero mediante:

- Sentenza pola que o agresor é condenado.
- Orde de protección ditada polo xuíz/a ao seu favor.
- Resolución xudicial que acordase medidas cautelares de protección á vítima.
- Excepcionalmente, o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a muller é vítima de violencia de xénero, ata que se dite orde de protección.



DEREITOS LABORAIS E DE SEGURIDADE SOCIAL

• Dereitos das traballadoras por conta allea:

–Reordenación do seu tempo de traballo segundo as súas necesidades.

–Mobilidade xeográfica se a empresa conta con centros de traballo en diferentes territorios.

–Cambio de centro de traballo con reserva de posto durante os primeiros seis meses.

–Redución da xornada laboral con redución do salario na mesma proporción.

–As ausencias ou faltas de puntualidade ao traballo considéranse xustificadas cando así o determinen os servizos sociais ou de saúde segundo proceda.

–Suspensión da relación laboral con reserva de posto de traballo con dereito á prestación por desemprego, durante 6 meses, ampliable ata 18 meses, por resolución xudicial.

–Extinción do contrato de traballo con dereito á prestación por desemprego por vontade da traballadora.

–A situación legal de desemprego acredítase mediante comunicación escrita da empresa sobre a extinción ou suspensión temporal da relación laboral, xunto coa orde de protección a favor da vítima ou, na súa falta, o informe do Ministerio Fiscal.

–Se unha traballadora vítima de violencia de xénero é despedida polo empresario mentres está a exercer o seu dereito a redución de xornada, reordenación do tempo de traballo, mobilidade xeográfica, cambio de centro de traballo ou suspensión do contrato, o despedimento será declarado nulo.

• Dereitos das funcionarias públicas:

–Reordenación do seu tempo de traballo, nos termos que estableza a Administración.

–Mobilidade xeográfica: a funcionaria que para facer efectiva a súa protección se vise obrigada a abandonar o seu posto de traballo na localidade onde prestaba os seus servizos, ten dereito ao traslado a outro posto de análogas características sen necesidade de que exista vacante.

–Redución de xornada, que implica unha redución do salario na mesma proporción.

–As faltas de asistencia das funcionarias vítimas de violencia de xénero terán a consideración de xustificadas cando así o determinen os servizos sociais.

–Excedencia: a funcionaria vítima de violencia de xénero poderá solicitar a situación de excedencia sen que se requira un tempo mínimo de prestación de servizos. Durante os dous primeiros meses de excedencia a funcionaria terá dereito a percibir as retribucións íntegras.

• Dereitos das traballadoras por conta propia:

As traballadoras por conta propia vítimas de violencia de xénero que teñan que cesar a súa actividade para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral non estarán obrigadas a cotizar durante un período de seis meses, que serán considerados como de cotización efectiva para os efectos das prestacións de Seguridade Social, e a súa situación será considerada como asimilada á de alta.

BONIFICACIÓNS EMPRESARIAIS EN CASO DE SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Cando unha empresa formalice un contrato de interinidade para substituír unha traballadora vítima da violencia de xénero que suspendese o seu contrato de traballo, que exercitase o seu dereito á mobilidade xeográfica ou que se trasladase de centro, terá dereito a unha bonificación do 100% das cotas empresariais por contingencias comúns durante todo o período de suspensión do contrato da traballadora ou durante seis meses nos supostos de mobilidade ou traslado.

DEREITOS ECONÓMICOS DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

• **Artigo 27 da Lei 1/2004, do 28 de decembro**

Axuda económica específica para mulleres vítimas de violencia de xénero con especial dificultade para obter un emprego.

A muller vítima de violencia de xénero que careza de rendas superiores ao 75% do salario mínimo interprofesional, recibirá unha axuda de pago único, sempre que se presuma que debido á súa idade, falta de preparación e circunstancias sociais, teña especiais dificultades para obter un emprego.

Con carácter xeral, o importe desta axuda será equivalente ao de 6 meses de subsidio por desemprego.

Cando a vítima da violencia exercida contra a muller tivese recoñecida oficialmente unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por 100, o importe sería o equivalente a 12 meses de subsidio por desemprego.

No caso de que a vítima teña responsabilidades familiares, o seu importe podería acadar o dun período equivalente ao de 18 meses de subsidio, ou de 24 meses se a vítima ou algún dos familiares que conviven con ela teñen recoñecida oficialmente unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por 100.

Estas axudas serán compatibles con calquera das previstas na Lei 35/1995 do 11 de decembro, de Axudas e Asistencia ás Vítimas Delitos Violentos e contra a Liberdade Sexual.

• **Renda Activa de Inserción (RAI)**

(RD 1369/2006 que regula o programa de RAI para persoas desempregadas con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego).

Requisitos:

- Ser vítima de violencia de xénero
- Carecer de rendas superiores ao 75% SMI.
- Ser demandante de emprego.

Contía da RAI: 80% do IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples). Duración do programa 11 meses e máximo 3 anos.

A RAI é incompatible coa axuda económica regulada no art. 27 da Lei 1/2004, do 28 de decembro

• **Acceso á vivenda e residencias públicas para maiores:**

As mulleres vítimas de violencia de xénero serán consideradas colectivos prioritarios no acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para maiores nos termos que determine a lexislación aplicable. (Art. 28 Lei 1/2004, do 28 de decembro).

PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (Real Decreto 1917/2008, de 21 do novembro)

Esta norma recompila algunhas medidas que xa se viñan aplicando e outras novas, como: atención confidencial e especializada polos servizos públicos de emprego, axudas á mobilidade xeográfica, compensación das diferenzas salariais por cambio de traballo ou os convenios con empresas e/ou asociacións empresariais.

As medidas de actuación do Programa de Inserción Sociolaboral terán como beneficiarias ás mulleres vítimas de violencia de xénero inscritas como demandantes de emprego e son as seguintes:

–Itinerario de inserción sociolaboral individualizado e realizado por persoal especializado.

–Programa formativo específico para favorecer a inserción sociolaboral por conta allea, no que se traballe en aspectos persoais no seu caso, levando a cabo actuacións dirixidas a incrementar a autoestima e motivación para o emprego, e en aspectos profesionais das mulleres participantes no programa.

–Incentivos para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia.

–Incentivos para as empresas que contraten a vítimas de violencia de xénero.

–Incentivos para facilitar a mobilidade xeográfica. Estes incentivos inclúen: gastos de desprazamento, gastos de transporte de mobiliario e pertenzas, gastos de aloxamento e gastos de gardería e atención a persoas dependentes.

–Incentivos para compensar diferenzas salariais. Esta medida esixe para o seu cumprimento que se produza unha sucesión de contratos, é dicir, consiste no abono á traballadora, cuxo contrato de traballo sexa extinguido por vontade propia pero forzada pola súa situación, dunha cantidade equivalente á diferenza entre o contrato extinguido e o novo, sempre que o novo salario sexa inferior ao anterior. O importe máximo da contía é de 500 euros e o tempo máximo para percibir esta axuda é de doce meses.

–Convenios con empresas para facilitar a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero e a súa mobilidade xeográfica.

A xestión destas medidas correspóndelles ao Servizo Público de Emprego Estatal e aos órganos ou entidades correspondentes das Comunidades Autónomas con competencias en materia de xestión de políticas activas de emprego.

INCENTIVOS PARA AS EMPRESAS QUE CONTRATEN MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (Lei 43/2006 do 29 de decembro)

–125 euros/mes (1.500 euros/ano) durante 4 años desde a contratación por contratos indefinidos a tempo completo.

–50 euros/mes (600 euros/ano máximo) durante la vixencia do contrato por contratos temporais.

–Nos casos de contratos a tempo parcial aplicaranse as bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social nos termos que establece a normativa aplicable.

–As empresas que contraten a vítimas da violencia de xénero, especialmente mediante contratos indefinidos, poderán recibir subvencións nos termos que se establezan nos programas para incentivar a contratación propios das comunidades autónomas.

